

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE XULLO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Allariz da estrada provincial OU-0152 Allariz (OU-320)-Allariz (N-525).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se transforma o Instituto de Educación Secundaria Fermín Bouza Brey nun centro integrado de formación profesional e se trasladan ensinanzas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2022 das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa infraestruturas estratéxicas abertas), promovidos por grandes empresas galegas, por un importe total de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para a posta á disposición dos terreos e a execución da rehabilitación da Casa de Valle-Inclán no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de cincocentos vinte e dous mil novecentos dous euros (522.902,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Silleda para a execución do proxecto denominado obras de instalación e adaptación para a conexión da nova Casa do Concello á rede de calor, por importe total de trescentos tres mil trescentos sesenta e dous euros con corenta e sete céntimos (303.362,47 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para exonerar ás entidades colaboradoras da obriga de constituír garantías en relación coa Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a inscrición de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa Único-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á convocatoria para o período 2022-2023, por un importe dun millón trescentos setenta e oito mil cincocentos sesenta euros (1.378.560,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, se procede á súa convocatoria para o ano 2022 e se autoriza a superación da porcentaxe establecida de pagamentos parciais do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) á subscripción do convenio de colaboración coa Mancomunidade do Morrazo para a xestión da planta de transferencia de residuos urbanos da mancomunidade, por un importe de cincocentos corenta e tres mil catrocentos euros (543.400,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Università degli Studi di Perugia (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universitat d'Alacant (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con corenta e oito céntimos (58.462,48 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cento oito mil euros (108.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade do Minho (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a University of Wales, Bangor (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidad de Salamanca (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Sveučilište u Zadru (Croacia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universitat Autònoma de Barcelona (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e nove mil euros (69.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidad de Extremadura (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de seis mil euros (6.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva, (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade de 2020), por importe de douscentos sesenta e un mil euros (261.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o ano 2022/2023 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D). Importe: dez millóns cincocentos noventa e un mil trinta e un euros (10.591.031,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para o anos 2022 e 2023 financiada parcialmente con fondos REACT-UE como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS631A). Total: sete millóns cento noventa mil euros (7.190.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido, en réxime de concorrencia non competitiva, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2022.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre os contratos de obras derivados da incorporación de novo equipamento tecnolóxico nos hospitais públicos galegos.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre os avances e as novas actuacións de reestruturación parcelaria da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A CONCESIÓN DAS MEDALLAS DE GALICIA A JULIÁN BARRIO, PAOLO CAUCCI VON SAUCKEN, BEGOÑA VALDOMAR, JOSÉ CARRO OTERO E A ASOCIACIÓN DISCAMINO

Con motivo do dobre Ano Santo extraordinario, a máxima distinción de honra do Goberno galego distingue este ano a persoas e entidades vinculadas á promoción e preservación do Camiño de Santiago

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, ao arzobispo de Santiago de Compostela, Julián Barrio Barrio; ao profesor e estudoso da ruta xacobeá Paolo Caucci von Saucken; á hospitaleira do albergue de peregrinos de Fisterra, Begoña Valdomar Insua; á Asociación Discamino e, a título póstumo, ao primeiro comisario do Xacobeo en 1993, José Carro Otero. "As Medallas de Galicia son un premio dos galegos para os galegos", sinalou Rueda, quen explicou que, con motivo do dobre Ano Santo extraordinario, nesta edición vaise distinguir a persoas e entidades "cunha relación directa co Camiño de Santiago".

A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que outorga anualmente a Xunta de Galicia ás persoas ou institucións polos seus méritos ao servizo da nosa comunidade en calquera aspecto da realidade social, cultural e económico e dignos de obter o recoñecemento do pobo galego. Nesta ocasión, todos os distinguidos están vinculados á promoción e preservación do Camiño de Santiago, "o principal motor do rexurdimento do turismo en Galicia, pero tamén 'marca Galicia' en moitos sentidos", sinalou o presidente da Xunta.

Rueda explicou que o arzobispo da Arquidiocese de Santiago de Compostela, Julián Barrio, recibe a Medalla de Galicia pola súa contribución ao coñecemento e impulso da peregrinación á Catedral de Santiago. Nado en Manganeses de la Polvorosa (Zamora) en 1946, foi reitor do Seminario Maior de Astorga, profesor de Historia Eclesiástica e Historia de España e é o arzobispo de Compostela desde 1996.

Ademáis, a Xunta tamén recoñece este ano o labor do profesor da Universidad de Perugia Paolo Caucci von Saucken, un dos estudosos sobre a ruta xacobeá máis recoñecidos a nivel mundial e que foi, durante case vinte anos, presidente do Comité de Expertos del Camino de Santiago. Nado na localidade italiana de Ascoli Piceno en 1941 é autor de numerosos ensaios e libros sobre as peregrinacións e a ruta xacobeá.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das galardoadas este ano coa Medalla de Galicia é a peregrina e hospitaleira do albergue municipal de peregrinos de Fisterra, Begoña Valdomar Insua. Nada nesta localidade coruñesa, ademais de estar ao fronte do centro de acollida a peregrinos de Fisterra é a responsable de Hospitalidade na Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago. “Ela representa o traballo que de forma desinteresada realizan milleiros de homes e mulleres que atenden os albergues espallados por todo o Camiño”, explicou Rueda.

A Xunta tamén distingue este ano á Asociación Discamino que recibirá esta distinción polo seu labor diario para facilitar que as persoas con discapacidade poidan peregrinar á Compostela e desfrutar da experiencia da ruta xacobeá. Creada en 2009, esta entidade xurde co obxectivo de dar apoio a aquelas persoas con diversidade funcional que queiran realizar o Camiño de Santiago. “Fan realidade o camiño accesible grazas ao seu esforzo e planificación”, resaltou Rueda.

E por último, a Xunta concede este ano a título póstumo a Medalla de Galicia ao doutor e antropólogo compostelán José Carro Otero. Carro, que foi presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, estivo sempre moi vencellado ao Camiño de Santiago. Foi o primeiro comisario do Xacobeo no 1993 e era un experto de referencia sobre a Catedral de Santiago.

As Medallas de Galicia, que se entregarán o vindeiro 25 de xullo, recoñecen nesta edición a difusión do Camiño tras dous anos consecutivos no que esta distinción foi para os profesionais sanitarios vinculados a atención na pandemia. No 2020, a Medalla recoñeceu aos sanitarios que traballaron na atención a pacientes Covid e no 2021, se lle concedeu aos traballadores vinculados á vacinación Covid.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ALLARIZ DO TREITO URBANO DA VÍA PROVINCIAL OU-0152, NA CONTORNA DO CEIP PADRE FEIJÓO

- O municipio asume a titularidade da estrada nun treito de 1,1 km de lonxitude
- A entidade local terá competencia para actuar na vía e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Allariz do treito urbano da estrada provincial OU-0152, na contorna do CEIP Padre Feijóo.

A Deputación Provincial de Ourense propuxo a solicitude de cambio de titularidade do tramo urbano desta estrada provincial desde o punto quilométrico inicial 0+000 ao 1+100. No dito tramo a entidade provincial impulsou unha serie de obras de mellora e ampliación das beirarrúas para xerar itinerarios peonís continuos que garanten a seguridade e a mobilidade. O Concello de Allariz aceptou a transferencia proposta pola Deputación Provincial.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia do treito desta vía provincial de 1,1 km de lonxitude.

A transferencia a prol do Concello de Allariz tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ámbito do treito obxecto do cambio de titularidade:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA AS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL COA CREACIÓN DUN NOVO CENTRO INTEGRADO EN VILAGARCÍA DE AROUSA

- O Consello da Xunta dá o visto e praxe á conversión en CIFP do Instituto Fermín Bouza Brey
- Este novo centro ofertará máis de 450 prazas en oito familias profesionais vinculadas aos sectores industriais (instalacións, mantemento, electricidade e electrónica), alimentario, comercial, socio-sanitario e deportivo
- O próximo curso Galicia contará cun total de 24 centros deste tipo fronte aos 11 que había en 2009

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á conversión en Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) do instituto Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa, co cal o Goberno galego reforza a estrutura estratéxica das ensinanzas de formación profesional. Unha estrutura que recibiu un importante impulso o curso pasado coa posta en marcha doutros tres centros especializados (o Universidade Laboral na Coruña, o Leixa en Ferrol e o Fraga do Eume, en Pontedeume).

Así pois, a partir de agora Galicia contará cun total de 24 centros deste tipo dependentes da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades fronte aos 11 que había en 2009.

Esta transformación permite potenciar a oferta e establecer novas sinerxías co tecido socioproductivo da contorna, xa que os centros integrados de formación profesional concíbense como instrumentos fundamentais para o establecemento dunha oferta de FP modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo tecido productivo da súa contorna.

Ademais, os CIFP son un recurso formativo de grande importancia para contribuír ao desenvolvemento do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional e á cualificación e recualificación das persoas ao longo da vida, mellorando as súas condicións de empregabilidade. Cómpre lembrar que as ensinanzas de FP acadan un nivel de inserción laboral superior ao 85 %.

Reforzo da oferta vinculada a sectores da contorna

Este novo centro integrado de FP ofertará máis de 450 prazas en oito familias profesionais vinculadas principalmente aos sectores industriais (instalacións,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mantemento, electricidade e electrónica), alimentario, comercial, socio-sanitario e deportivo. De cara ao vindeiro curso, a oferta existente no futuro CIFP verase reforzada de xeito significativo coa incorporación de 11 ciclos formativos (catro deles de nova oferta na localidade e outros sete por traslado desde outros centros).

Así pois, reforzase a oferta coa incorporación de catro novos ciclos moi vinculados ás características socio-económicas desta área, en concreto o ciclo básico de Industrias alimentarias, o ciclo medio de Elaboración de produtos alimentarios, o ciclo medio de Atención a persoas en situación de dependencia, e o ciclo superior de Transporte e loxística.

Así mesmo, o CIFP resultante absorberá a totalidade da oferta existente ata o de agora no IES Fermín Bouza Brey, incorpora os ciclos da familia profesional de Comercio e Márketing que se impartían no IES Armando Cotarelo Valledor, da familia de Sanidade que se impartía no IES Castro Aobre e da de Actividades físicas e deportivas do IES de Carril (antigo Miguel Ángel González Estévez).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA VAI DESTINAR 15M€ A IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS GALEGAS A TRAVÉS DA POSTA EN MARCHA DE CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA

- O obxectivo desta liña de axudas, asegura, é mellorar a competitividade do tecido empresarial da Comunidade
- Apoiarase a creación de fábricas compartidas e espazos industriais especializados
- Nunha primeira fase dedícanse 5M€ para iniciativas promovidas por grandes empresas
- Con anticipos de ata o 80%, as axudas teñen como finalidade o desenvolvemento do entorno das empresas e os consumidores, e a modernización da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade
- Esta liña complementábase con 10M€ para centros de fabricación avanzada de pemes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello do Goberno galego vai activar próximamente unha liña de axuda para poñer en marcha novos centros de fabricación avanzada. O obxectivo é facilitar o desenvolvemento de iniciativas que redunden "nunha mellora da competitividade empresarial de Galicia", sinalou Rueda, quen indicou que se van destinar 15 millóns de euros a estas achegas.

Rueda explicou que a finalidade destas axudas é contribuír á posta en marcha "de espazos de uso común entre varias empresas que lles permitan prestar servizos que non serían posibles ou rendibles se cada unha tivese que facer o investimento" nas infraestruturas de forma individual.

Nunha primeira fase actívanse 5M€ para proxectos de grandes empresas, reservándose o dobre (10M€) para un segundo prazo de solicitudes dirixido exclusivamente a pemes. Este programa impulsará a posta en marcha de proxectos de infraestruturas de uso aberto e compartido que teñan como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas e os consumidores, e a modernización e consolidación da base industrial, a fin de mellorar a súa competitividade.

A activación desta primeira fase da convocatoria prodúcese tras constatar o interese de grandes empresas na consulta realizada ás compañías e demais operadores económicos galegos que puidesen estar interesados en acceder a unha liña de axudas destas características, centrada na posta en marcha de fábricas compartidas, centros loxísticos e de fabricación avanzada e espazos industriais especializados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas grandes empresas beneficianse, agora, dunha liña de apoios que atende aos investimentos en activos fixos materiais e inmateriais, desde a adquisición de inmobles, obras e reformas, ata maquinaria e bens de equipamento, e tamén outros activos fixos materiais incluíndo mobiliario e intanxibles relacionados directamente co proceso produtivo. Cun límite máximo do investimento global para a creación da infraestrutura de 20M€, o programa prevé anticipos que poden chegar ata o 80%.

Seis centros de fabricación avanzada

Trátase da segunda edición deste programa. Grazas á primeira, estanse a impulsar en Galicia seis centros de fabricación avanzada en sectores industriais diversos como as TIC, o biotecnolóxico, a loxística, o turismo ou o agroalimentario.

En concreto, a Xunta achega 4,82M€ para desenvolver un centro de servizos avanzados na Cidade das TIC da Coruña que contará con catro laboratorios para a realización de probas e o aloxamento de empresas do sector.

O centro biotecnolóxico do Tambre recibiu unha axuda de máis de 4 millóns de euros para prover ao sector de laboratorios para actividades de I+D+i, equipamento compartido e instalacións de uso común. A terceira infraestrutura é o Centro galego de tratamentos térmicos do aceiro que, cun apoio de 2M€, estará situado en Narón co obxectivo de facilitar a realización de máis traballos con este material, como a reparación de buques. No eido do turismo e a innovación, impulsouse con 370.000 euros o Centro de Servizos Avanzados Galicia TurisTIC en Vilagarcía de Arousa.

Finalmente, apoiouse a planta piloto de Inleit en Curtis con 2,4M€ para a síntese de proteínas e subprodutos lácteos de alta calidade e concedéronse 2,5M€ á Agrupación de Cooperativas Lácteas (Acolat), en Caldas de Reis e pertencente a Clesa, para impulsar un centro de fabricación avanzada de lácteos de alto valor engadido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO ACORDO CO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A POSTA Á DISPOSICIÓN DOS TERREOS E A EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DA CASA DE VALLE-INCLÁN

- O proxecto é un dos 12 Ben de Interese Cultural (BIC) da Comunidade beneficiados de fondos europeos a través dos cales se levarán intervencións no patrimonio histórico no Camiño de Santiago para destinalo a usos turísticos
- O Plan Xacobeo Next Generation investirá 22,7 millóns de euros na rehabilitación destes 12 BiC

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para a posta á disposición dos terreos e execución da rehabilitación da Casa de Valle-Inclán no marco dos fondos Next Generation.

O proxecto de rehabilitación da Casa Museo Valle Inclán, a que fora vivenda natal do autor conta con case 523.000 euros, IVE incluído, para levar a cabo reparacións no interior e no exterior, melloras no axardinamento e embelecemento paisaxístico, a drenaxe e eliminación de humidades, a iluminación con tecnoloxía LED, a incorporación dun sistema de climatización e a dotación de contidos multimedia para a súa divulgación turística.

O obxectivo do proxecto é a rehabilitación sustentable do edificio da casa, a dotación ecoeficiente do centro de interpretación, museografía dixital e promoción e márketing turístico do destino, poñendo en valor ademais a atención e acollida ao peregrino, xa que será o centro de interpretación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla-Ruta Traslato.

Mediante a sinatura deste acordo, desde a Axencia Turismo de Galicia licítanse as obras de rehabilitación e o Concello de Vilanova de Arousa pon á disposición os terreos para que a empresa adxudicataria do contrato poida realizar os traballos precisos.

No marco destes fondos NextGeneration, a Xunta formulou o Plan Xacobeo Next Generation, en que están incluídos a posta en valor dos BICs do Camiño de Santiago, aos que se dedica 22,7 millóns de euros co obxectivo de conservar os bens de interese cultural e permitir que poidan seguir sendo desfrutados polas xeracións futuras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este financiamento permitirá poñer en valor o patrimonio histórico ao longo dos Camiños de Santiago a través da súa rehabilitación e incluíndo melloras de sustentabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética, así como medidas coas que impulsar a modernización ou dixitalización destes espazos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 250.000 EUROS Á MELLORA ENERXÉTICA DA NOVA CASA DO CONCELLO DE SILLEDA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza o convenio entre a Vicepresidencia Segunda e o Concello de Silleda para a instalación e adaptación do novo edificio consistorial á rede de calor existente no municipio
- A medida garante un alto rendemento enerxético e unha redución de 19,33 toneladas de dióxido de carbono anuais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Silleda para realizar obras de mellora enerxética na nova Casa do Concello silledense. Ao abeiro da iniciativa, a Xunta destinará 249.515 euros á instalación e adaptación do edificio consistorial á rede de calor con biomasa existente na localidade. Deste xeito, o Goberno galego financia máis do 80 % do custo total do proxecto, superior aos 303.000 euros.

A actuación vai permitir a conexión da nova Casa do Concello á rede de calor District Heating executada en 2021 con fondos Feader. O obxectivo é garantir un alto rendemento enerxético nun edificio eminentemente solar e que apenas precisará enerxía para o seu funcionamento. Así, prevese unha redución de 19,33 toneladas de dióxido de carbono anuais.

Segundo o proxecto da obra, instalárase maquinaria específica como intercambiadores de calor, bombas e unidades de renovación de aire, ademais de distintos sistemas como chan radiante, puntos de abastecemento de auga quente e climatización. Habilitaranse tamén lugares en que albergar as instalacións e realizaranse obras de mellora do sistema de illamento térmico exterior.

O convenio de colaboración enmárcase no apoio da Xunta aos concellos en materia de desenvolvemento sustentable. Nesta mesma liña, invístense neste ano 11,3 millóns de euros no Fondo de Compensación Ambiental para financiar os custos de funcionamento e equipamentos dos servizos municipais relacionados coa protección do medio.

Trátase tamén de facilitar o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, de xeito que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, a prol da calidade ambiental e da prevención e mitigación de efectos adversos sobre o medio natural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PON EN MARCHA A CONVOCATORIA DOS BONOS DIXITAIS PARA FACILITAR A CONTRATACIÓN DE BANDA LARGA A PERSOAS VULNERABLES

- O presidente do Goberno galego explicou que esta axuda conta cun orzamento de máis de 1,3 millóns de euros e busca chegar a máis de 5.700 familias
- Permitirá contratar ou mellorar a conexión á banda larga fixa cunha velocidade mínima de 30Mbps durante un ano
- Unha vez que se publique no DOG a lista definitiva de entidades colaboradoras poderán solicitarse os bonos, que permitirán ao beneficiario unha redución mensual de ata 20 euros no custo do servizo
- Con esta iniciativa a Xunta xa ten en marcha tres das catro medidas predefinidas polo Goberno de España no marco do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE para a mellora da conectividade
- Nas vindeiras semanas convocarase a liña de axudas para a mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou na rolda de prensa do Consello que o Goberno galego autorizou hoxe a convocatoria dos bonos dixitais para facilitar a contratación de internet a persoas vulnerables, un servizo que na sociedade actual calificou de "esencial para a vida diaria" ao ser clave na inserción laboral ou na educación.

Rueda explicou que esta liña de bonos vai contar "cun orzamento de máis de 1,3 millóns de euros" e busca "facilitar que máis de 5.700 familias vulnerables" poidan contratar servizos de internet de banda larga. Esta axuda forma parte dos fondos que o Goberno de España transfire a Galicia no marco do compoñente 15 Galicia do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

A iniciativa, enmarcada no programa estatal Único Bono Social, permitirá a persoas ou familias vulnerables contratar ou mellorar a conexión á banda larga fixa cunha velocidade mínima de 30Mbps, cunha minoración mensual de ata 20 euros na factura emitida pola entidade colaboradora elixida durante un período de ata 12 meses, cun máximo de ata os 240 euros.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución para iniciar o proceso de inscrición das entidades colaboradoras, dirixido a operadores de telecomunicación e empresas que ofrezan servizos de internet. Unha vez que se publique no DOG a lista de entidades colaboradoras poderanse solicitar os bonos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta convocatoria a Xunta xa ten en marcha tres das catro medidas predefinidas polo Goberno de España para a mellora da conectividade no territorio no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a través do cal Galicia recibirá 19,1 millóns de euros para: reforzar a conectividade en áreas empresariais e centros loxísticos; a mellora da conectividade en centros públicos; axudas para o reforzo da conectividade en áreas de concentración empresariais e centros loxísticos de Galicia e a mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios. Esta última liña de axudas convocarase nas vindeiras semanas.

En total, o Estado destinará ás comunidades un 9 % dos máis de 4.000 millóns de euros do plan. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital reserva, polo tanto, o 91 % dos fondos para resolver os problemas de conectividade fixa e sen fíos en todos os territorios e cumprir cos obxectivos que marca Europa. Entre eses obxectivos está o de que o 100 % da poboación teña acceso á banda larga de polo menos 100 Mbps.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ CATRO BOLSAS DE FORMACIÓN REMUNERADAS NO IGVS PARA GRADUADOS EN TITULACIÓNS RELACIONADAS COA VIVENDA

- Será a terceira edición deste programa formativo, co que se busca completar os estudos académicos e os coñecementos teóricos de persoas tituladas desde 2019
- Ofertaranse dúas bolsas para arquitectos e, como novidade deste ano, unha para enxeñeiros de camiños, canais e portos e outra para enxeñeiros industriais

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) convocará catro bolsas de formación remuneradas para titulados nos graos de Enxeñería de camiños, canais e portos; Enxeñería industrial, Arquitectura e grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante para darlles a oportunidade de realizar prácticas complementarias aos seus estudos e favorecer así o seu acceso ao mercado de traballo pola vía da especialización en materias relacionadas coa vivenda.

Cómpre lembrar que esta é a terceira vez que o IGVS ofrece prácticas remuneradas a persoas que se acaban de graduar en titulacións relacionadas cos seus distintos eidos de actuación, unha posibilidade que nesta ocasión decidiu abrir a novas ramas profesionais.

A convocatoria deste ano, que sairá publicada nas vindeiras semanas, incluírá dúas bolsas para arquitectos e, como novidade, unha para graduados en Enxeñería de camiños, canais e portos, e outra para titulados en Enxeñería industrial, logo de que en 2019 se convocasen prazas só para graduados en Arquitectura e Arquitectura Técnica e de que en 2021 se ampliasen tamén a persoas con estudos en Dereito e Economía.

Ata o momento e ao abeiro deste programa formativo, o IGVS xa ofreceu nos últimos tres anos prácticas remuneradas a un total de 17 graduados en diferentes especialidades. De feito, 10 deles aínda están en pleno proceso formativo e, previsiblemente, poderán optar a unha prórroga cando finalice a vixencia da súa bolsa.

O obxectivo é facilitar a realización de prácticas complementarias aos estudos teóricos que ofrecen as ramas sinaladas, así como favorecer o acceso ao mercado laboral de estudantes que rematasen recentemente a súa formación superior —con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2019— e non teñan un emprego remunerado ou unha bolsa similar.

De feito, durante as súas prácticas no IGVS recibirán formación en materias relacionadas coa construción e promoción de vivenda pública, a tramitación do planeamento sectorial do solo e a redacción e xestión de plans e proxectos técnicos urbanísticos. Así mesmo,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén adquirirán coñecementos e experiencia relativos ás funcións de contido xurídico, económico e contable derivadas das ditas actuacións.

As prácticas terán unha duración de 12 meses, poderán prorrogarse por un novo período de 6 meses máis, e levarán asociado un custo total de 48.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE SOGAMA E A MANCOMUNIDADE DO MORRAZO PARA UNHA XESTIÓN MÁIS SUSTENTABLE DA PLANTA DE TRANSFERENCIA

- Este acordo terá unha vixencia de 4 anos e un importe estimado de 543.000 €, que a empresa pública destinará a compensar economicamente o ente supramunicipal
- Dá cumprimento a un dos obxectivos da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, que é promover a maior cooperación coas entidades locais para prestar un servizo eficiente co menor gasto posible
- A tramitación deste convenio formúlase logo de abonar a Mancomunidade a débeda contraída con Sogama

O Consello da Xunta aprobou a formalización dun convenio de colaboración entre Sogama e a Mancomunidade do Morrazo para unha xestión máis sustentable da planta de transferencia da que esta última é titular e que, desde hai anos, dá servizo aos concellos de Bueu, Cangas e Moaña.

Dado que o canon unitario aplicado por Sogama aos 295 concellos adheridos ao seu sistema prevé a xestión deste tipo de instalacións, o transporte e o tratamento final dos residuos urbanos no Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña), e tendo en conta que a Mancomunidade vén sufragando os custos da transferencia, con este acordo, que terá unha vixencia de 4 anos, a empresa pública compensará economicamente o ente supramunicipal, incrementando a súa achega a un importe estimado de 543.000 euros (IVE incluído).

A través deste convenio dáse debido cumprimento a un dos obxectivos da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, que é promover a maior cooperación coas entidades locais co fin de lograr o mellor resultado ambiental global no tratamento dos refugallo e a máxima eficiencia no uso de recursos públicos.

Se ben as plantas de transferencia traen consigo importantes beneficios ambientais para os concellos ao reducir o transporte de residuos ata Cerceda, minimizando deste xeito o tráfico pesado, coa conseguinte diminución de emisións de CO₂ á atmosfera, a integración da planta do Morrazo na infraestrutura de Sogama tamén evita a construción dunha nova instalación e os correspondentes custos de xestión e mantemento.

No marco deste convenio de colaboración, Sogama asumirá a completa xestión dos residuos transvasados desde a planta. Isto comprende a recollida de contedores cheos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nas instalacións da Mancomunidade e o seu retorno a elas unha vez baleirados no Complexo Medioambiental de Cerceda

Así mesmo, e dado que as plantas de transferencia deben cumprir uns determinados requisitos técnicos, a Mancomunidade materializou unha serie de melloras para que poida desempeñar a función asignada con total solvencia e garantías.

Adicionalmente, a instalación debe estar dotada de contedores de residuos homologados para ser transportados por estrada e ferrocarril. O uso deses contedores cederase a Sogama, que se encargará do seu correcto mantemento.

A pretensión última é que a xestión dos residuos producidos nos concellos que utilizan os servizos da planta do Morrazo gañe en eficiencia co menor gasto posible. En todo caso, a tramitación deste convenio formúlase logo de aboar a Mancomunidade a débeda contraída con Sogama, que ascendía a aproximadamente 8 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 450.000 EUROS PARA REFORZAR A FORMACIÓN EN GALEGO EN UNIVERSIDADES DE ESPAÑA, PORTUGAL, ALEMAÑA, ITALIA, REINO UNIDO E CROACIA

- O Consello dá o visto e praxe a nove convenios para dotar de auxiliares de lingua, literatura e cultura galegas distintas universidades españolas e europeas
- Con estas accións o Goberno galego está a facilitar que a día de hoxe a lingua galega poida estudarse ata en 36 universidades de todo o mundo no seu compromiso por divulgar e promover o galego e tamén por facilitar a inserción laboral dos profesionais

O Consello da Xunta dálle luz verde á convocatoria pública de nove convenios para contar con lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nos centros de estudos galegos localizados en universidades de España, Portugal, Alemaña, Italia, Reino Unido e Croacia, cun investimento global de máis de 451.877 euros, como parte do compromiso do Goberno autonómico por promover e divulgar a lingua galega fóra de Galicia e apoiar laboralmente os profesionais que se dediquen á docencia.

Os convenios teñen unha vixencia ata 2025. O importe destinarase á contratación da persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará en dar continuidade á ensinanza da lingua galega nos plans de estudo destas institucións académicas. Ademais, con cargo a estes convenios, poderán organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, literatura e cultura galegas, así como adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático necesario para realizar as accións previstas no acordo.

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades comprométese a colaborar con estas universidades prestando a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia, asesoramento técnico e será quen destine á Universidade un lector de lingua, literatura e cultura galegas.

Nesta convocatoria, fomentárase o estudo do galego en universidades españolas como a Universitat d'Alacant, Universidad de Salamanca, Universitat Autònoma de Barcelona e Universidad de Extremadura. No exterior, a colaboración formalízase coa Universidade do Minho, de Portugal; na Ruprecht-Karls- Universität Heidelberg, de Alemaña; na Università degli Studi di Perugia, de Italia; na University of Wales, Bangor, do Reino Unido, e na Sveučilište u Zadru, de Croacia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actividades complementarias

Estas accións enmárcanse no compromiso da Xunta de Galicia por difundir a lingua e literatura galegas no mundo a través de diferentes convenios para fomentar a docencia en galego. O Goberno galego está a facilitar que a día de hoxe a lingua galega poida estudarse ata en 36 universidades (nove nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –profesores auxiliares que ensinan a lingua en determinados centros de ensinanza–, asentados en departamentos coñecidos como centros de estudos galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades promove unha oportunidade para que os profesionais da docencia se incorporen aos centros de estudos galegos e se poidan situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar, ou de completar, estudos de posgrao nas universidades de destino.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA A CAPTACIÓN DE 19 INVESTIGADORES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA ESTATAL JUAN DE LA CIERVA

O Goberno galego destina 261.000 € ao financiamento complementario destas axudas de xeito que non o ten que asumir as universidades galegas, como ocorre noutras comunidades autónomas

A Xunta de Galicia vai destinar 261.000 euros á captación do talento de 19 investigadores, a través do programa Juan de la Cierva para contratados nas universidades de Santiago de Compostela (dez investigadores), de Vigo (oito) e da Coruña (un). Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a través do cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asume o 20 % do importe total do contrato, unha parte que noutras comunidades autónomas teñen que custear as propias universidades.

En Galicia a Xunta asumiu o pagamento desta contía complementaria a partir do ano 2012, co fin de que estes contratos non supoñan ningún custo a maiores para as universidades. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, sabendo que non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo Ministerio.

O obxectivo das axudas do programa estatal de promoción do talento Juan de la Cierva é fomentar a contratación laboral de doutores mozos por un período de dous anos, co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral. En concreto, o convenio refírese aos subprogramas estatais de incorporación e de formación.

No caso dos contratos de formación, teñen unha duración de dous anos e un importe total de 25.000 euros por ano para cada investigador, mentres que para os de incorporación a duración é a mesma, pero o importe do contrato ascende a 29.000 euros ao ano por persoa.

Destas contías, a Xunta asume un montante económico de 9.000 euros para cada un dos beneficiados da modalidade de formación durante os dous anos que dura o programa e de 15.000 euros para os da modalidade de incorporación durante os tres anos que dura o programa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aposta pola investigación universitaria

Este cofinanciamento enmárcase no fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de financiamento universitario. Trátase dunha acción na liña da política activa da Xunta de Galicia en prol da incorporación de persoal investigador nas universidades, promover a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos e favorecer a carreira científica e o desenvolvemento dun sistema galego de investigación forte especializado.

Cómpre lembrar que nestes momentos a Xunta de Galicia ten en marcha un potente programa de formación e retención de persoal investigador que absorbe un orzamento de 40M € e inclúe os contratos predoutorais e posdoutorais, o novo Programa de atracción e retención de talento e a liña de apoio aos centros de investigación acreditados, aos que se suman accións directas de apoio ás universidades para o cofinanciamento de investigadores dos programas estatais Juan de la Cierva e Ramón y Cajal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 10,6 M€ PARA O MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E PARA FACILITAR A GRATUIDADE ÁS FAMILIAS

- A orde, que se publicará os vindeiros días no Diario Oficial de Galicia, permitirá sufragar o pago que ata o de agora tiñan que facer as familias
- Estímase que arredor de 30.000 familias se beneficiarán da gratuidade en todas os centros da comunidade, xa sexan públicos da Xunta, de titularidade municipal, de iniciativa social ou privados

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de máis de 10,6 millóns de euros para o mantemento das escolas infantís municipais e para facilitar que, a partir do vindeiro mes de setembro e durante todo o curso 2022-2023, todas as familias galegas teñan gratis a atención educativa dos seus fillos nas escolas infantís de 0 a 3 anos que son de titularidade municipal. A orde, que se publicará no Diario Oficial de Galicia (DOG) nos vindeiros días, permitirá sufragar o pago que ata o de agora tiñan que facer as familias nos centros municipais.

Esta orde, que é froito da colaboración entre a Administración autonómica e as corporacións locais, permitirá que as familias que antes pagaban polo servizo agora non teñan que facelo. Os concellos poderán solicitar acollerse á gratuidade total do 1 ao 30 de setembro.

Ademais, esta proposta súmase á adoptada polo Goberno galego o pasado 16 de xuño, cando se aprobou o financiamento para que as escolas infantís de iniciativa social e as privadas apliquen a gratuidade.

Deste xeito, Galicia é a primeira Comunidade Autónoma de España na que a educación infantil será totalmente de balde para todos os nenos e en todas as escolas infantís, con independencia da súa titularidade.

Na actualidade, xa se aplica esta gratuidade aos segundos fillos e seguintes e, co inicio do novo curso, amplíase aos primeiros fillos. Estímase que máis de 30.000 familias se beneficiarán da extensión desta medida sufragada pola Xunta e que cubre a atención educativa diaria durante once meses nunha xornada de ata oito horas. Isto suporá un aforro medio de en torno aos 1500 e os 2000 euros por neno ao ano.

Sen papelame

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta medida da gratuidade deseñouse de tal xeito que as nais e pais non teñan que realizar ningún tipo de papelame a maiores, xa que todas as xestións realízanse entre a Xunta e a propia escola e, no caso de centros municipais, cos Concellos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 7,2 M€ PARA AS ENTIDADES DEDICADAS Á INCLUSIÓN SOCIAL E Á LOITA CONTRA A POBREZA

Incrementábase ata un 40% as achegas para o funcionamento de comedores sociais, albergues e centros de acollida

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a unha nova orde de axudas por un montante total de 7,2 millóns de euros para as entidades dedicadas á inclusión social e á loita contra a pobreza. Deste xeito, o Goberno galego pon a disposición destas organizacións fondos para o funcionamento de comedores sociais, albergues ou centros de acollida, cuxas achegas incrementábase ata un 40%.

En vindeiras datas publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) esta orde para que as entidades poidan solicitar esta axuda. Estes fondos tamén se poderán destinar ao desenvolvemento de programas que favorezan o acceso ao mercado laboral, así como a actuacións de inclusión da poboación inmigrante.

Esta nova liña de axudas ás entidades súmase ás prestacións directas que o Executivo autonómico xa ten en marcha para apoiar aos fogares que atravesan máis dificultades, tanto de maneira máis inmediata como para responder ás necesidades cotiás. Entre as primeiras, salientan as Axudas de Inclusión Social (AIS), que se poden solicitar en calquera momento do ano e coas que máis de 3000 persoas puideron asumir con elas gastos urxentes durante o exercicio de 2021. Outra axuda deste tipo é o Bono social térmico e o complemento autonómico de 100 euros, que permite facer fronte á factura do gas e calefacción a máis de 66.400 familias.

Así mesmo, entre as axudas habilitadas pola Xunta para garantir que as familias poidan atender as demandas do día a día está, entre outras, a Renda de inclusión social de Galicia (Risga), que chega a case 6700 persoas cada mes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UN PROGRAMA DE FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE DESTINANDO 500.000€ ÁS PRIMEIRAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE BICICLETAS ELÉCTRICAS

- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria das subvencións da iniciativa *EBici*, que poderán solicitarse a partir do 1 de agosto
- O obxectivo é reducir o uso do coche particular e impulsar os modos de transporte non motorizados no ámbito urbano e interurbano de proximidade, que supoñen percorridos de entre 2 e 12 km, traxectos asumibles en bicicleta de pedaleo asistido
- As axudas cubrirán, por regra xeral, ata o 50 % do custo da bicicleta eléctrica, e a cobertura ampliáse ata o 60 % e o 70% para os membros de familias numerosas ordinarias e especiais, respectivamente
- As axudas tramitaranse a través dos establecementos comerciais adheridos ao programa, que poderán xa solicitar a inscrición desde o vindeiro luns

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á posta en marcha dun novo programa de fomento da mobilidade sustentable a través da convocatoria da primeira liña de axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas con pedaleo asistido, cun investimento autonómico de 500.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade presentou hoxe un informe sobre o programa *EBici*, unha iniciativa deseñada para fomentar o uso de bicicletas eléctricas e facilitar a súa compra. Deste xeito, busca facilitar que os desprazamentos cotiáns de curta distancia se realicen de forma sustentable, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro ao tempo que se rebaixa a contaminación acústica. Ademais, supón unha mellora na saúde das persoas ao promover o exercicio físico.

A Xunta publicará esta primeira convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* de mañá venres 15 de xullo. Desde o luns, primeiro día hábil desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, abrírase o prazo para a adscrición dos establecementos comerciais da Comunidade Autónoma como entidades colaboradoras na xestión destas axudas. Nesta quenda as entidades colaboradoras contan de prazo ata o vindeiro 31 de xullo para presentar a documentación e adscribirse ao programa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As persoas interesadas nas axudas para a adquisición de novas bicicletas eléctricas poderán presentar a súa solicitude a partir do 1 de agosto, prazo que permanecerá aberto ata o 30 de novembro, ou ata esgotar os fondos.

Mediante estes novos incentivos, que terán continuidade en vindeiros anos, desde a Xunta procúrase minimizar o emprego do coche particular e impulsar os modos de transporte non motorizados no ámbito urbano e interurbano de proximidade. Este tipo de movementos concentran gran parte dos desprazamentos cotiáns da poboación que, na maioría dos casos, supoñen percorridos de entre os 2 e os 12 quilómetros, marxes que son asumibles para o seu percorrido en bicicleta.

As axudas outorgaranse en réxime de concorrencia non competitiva. Con carácter xeral, o importe da subvención será de ata o ao 50 % do prezo da bicicleta eléctrica con pedaleo asistido, co límite máximo de 500 €. No caso de integrantes dunha familia numerosa, chegará ata o 60 %, cun límite de 600 €. E o tope para quen forme parte dunha familia numerosa con categoría especial será do 70 %, coa contía máxima de 700 €.

A entidade colaboradora do programa será a encargada de presentar telematicamente a solicitude de axuda, polo que a persoa interesada na axuda á adquisición de bicicletas eléctricas terá que tramitar a solicitude a través dalgunha das entidades adheridas que figuren na listaxe que publicará a web da Dirección Xeral de Mobilidade, <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/mobilidade-sostible>, antes da data límite de final do prazo de presentación de solicitudes.

As entidades colaboradoras serán os establecementos comerciais situados na Comunidade Autónoma que se adheriron a este programa, ao que tamén poderán seguir adscribíndose mentres estean activas as axudas. As ditas entidades exhibirán nos seus centros de traballo ou puntos de venda un cartel identificativo, que leva por lema: *Enchúfate ao movemento EBici*, con independencia da información na dita web, onde estará dispoñible unha listaxe actualizada de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

Cartel identificativo:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ENCHÚFATE AO MOVEMENTO



Programa de axudas para mercar bicicletas eléctricas de pedaleo asistido

 XUNTA
DE GALICIA

Solicita o teu bono ebici da Xunta de Galicia nos establecementos adheridos.
Dende as 10:00 h. do 1 de agosto.
Ata 700 euros de axuda para mercar a túa bicicleta eléctrica de pedaleo asistido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INVISTE 8,6 MILLÓNS DE EUROS EN ADAPTAR OS ESPAZOS DOS HOSPITAIS DAS ÁREAS DE LUGO E OURENSE AO NOVO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO QUE INCORPORARÁN NO 2023

- Explica que grazas a implantación de equipos punteiros evitarase o desprazamento de moitos pacientes a outras áreas para facer probas ou seguir un tratamento
- O Goberno galego destina máis de 30 millóns de euros, entre equipamento e obra, a incrementar a capacidade diagnóstica e de tratamento dos hospitais das áreas sanitarias de Lugo e Ourense
- O Consello da Xunta aborda os expedientes do contrato da obra de remodelación das novas áreas de cardioloxía vascular intervencionista no Hospital de Ourense, por 2,9 millóns de euros; e do contrato de obra de implantación de resonancia e TAC no Hospital da Mariña, por un millón

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe tras o Consello que a Xunta vai investir 8,6 millóns de euros en adaptar os espazos dos hospitais das áreas sanitarias de Lugo e Ourense ao novo equipamento tecnolóxico que incorporarán o vindeiro ano. Rueda resaltou que grazas a esta tecnoloxía, que nalgúns casos se incorpora por primeira vez aos hospitais de Lugo e Ourense, “moitos pacientes” non terán xa que desprazarse a outras áreas sanitarias para facer unha proba ou tratar algunha patoloxía.

“Trátase de mellorar a calidade asistencial dos pacientes”, explicou o titular da Xunta, que recoñeceu que a instalación dos novos equipamentos obriga a facer obras ou reformas, “algunhas importantes”, nalgúns espazos dos hospitais do Sergas.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Sanidade sobre os contratos de obras derivados da incorporación de novo equipamento tecnolóxico nos hospitais públicos galegos. Nel informouse de dous novos expedientes de investimento para adaptar os hospitais da rede do Sergas aos novos equipos que se adquirirán cos fondos Next Generation. Trátase, por un lado, do contrato da obra de remodelación das novas áreas de cardioloxía vascular intervencionista no Complexo Hospitalario de Ourense, por 2,9 millóns de euros; e, por outro, do contrato de obra de implantación de resonancia magnética e TAC no Hospital da Mariña, por un millón de euros.

Respecto do expediente referido ao Hospital de Ourense, e para cumprir os prazos de instalación que os fondos Next Generation exigen para estes equipamentos, o Executivo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galego licita conxuntamente o proxecto e a obra. Para tal efecto, a Área Sanitaria de Ourense elaborou un plan funcional que define as necesidades actuais e futuras das novas áreas de cardiloxía intervencionista e radioloxía vascular, no cal se propón a reforma do andar cinco do edificio cirúrxico para a súa reconversión en área de cardiloxía intervencionista e, deste xeito, poder instalar a nova sala de radioloxía vascular no espazo que deixa a actual sala de hemodinámica no sexto andar do Edificio Cristal.

A actuación no andar cinco permitirá crear unha zona para uso de cardiloxía vascular intervencionista no edificio cirúrxico (edificio sur) no que incorporar a nova e máis moderna sala de hemodinámica que se situará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a través do plan de renovación de equipamento, así como instalar unha sala de electrofisioloxía.

A proposta para a planta seis permite destinar o total deste andar do edificio norte á área de radioloxía vascular, instalando nela tanto o equipo de radioloxía vascular intervencionista, que substitúe o existente, como o novo equipo de neurorradioloxía vascular, que se incorpora por primeira vez a este centro sanitario, posibilitando ter unidade de ictus.

É importante remarcar, así mesmo, que a secuenciación do conxunto de traballos establecido no anteprojecto permite que a actividade dos servizos médicos non se vexa interrompida.

Esta obra supón unha mellora no nivel de modernización tecnolóxica do parque instalado no Sergas, reforzando así o Goberno galego as capacidades tecnolóxicas e asistenciais dos centros sanitarios públicos, o que supón un incremento da supervivencia global e a calidade de vida da cidadanía da nosa Comunidade, mediante o diagnóstico de enfermidades en estadios temperáns.

No que atinxe ao segundo dos expedientes, o contrato da obra de implantación de resonancia e TAC no Hospital da Mariña, esta obra responde á necesidade de adiantar a reforma da área de radioloxía á execución das fases 2 e 3 do plan director do hospital, cuxo proxecto está xa adxudicado, para que, deste xeito, esta área de radioloxía poida acoller a nova resonancia magnética que se incorporará por primeira vez a este hospital, e o novo TAC que renovará o existente.

Outras licitacións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia xa licitou a obra de implantación da Unidade de Medicina Nuclear do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, por 3,1 millóns de euros, así como a obra de implantación da Unidade de Radioloxía no Hospital Lucus Augusti, por máis de 694.000 euros; e a obra de implantación da área de PET, tamén no Hospital de Lugo, por un millón de euros.

As distintas obras licitadas van permitir que durante o vindeiro ano se incorporen aos hospitais das áreas sanitarias de Lugo e Ourense os novos equipos adquiridos a través dos fondos Next Generation.

En consecuencia, o Executivo galego suma xa un investimento de máis de 8,6 millóns de euros en acondicionar os hospitais das áreas sanitarias de Lugo e Ourense para a instalación do novo equipamento que a Xunta incorpora a través destes fondos.

Este novo equipamento, supón, pola súa vez, un investimento de 13,8 millóns de euros na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e de 7,9 na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

En conxunto, a Xunta destina máis de 30 millóns de euros, entre equipamento e obra para incrementar a capacidade de diagnóstico e de tratamento nos hospitais destas dúas áreas sanitarias.

Por último, sinalar que os orzamentos da Xunta de Galicia para este ano incorporan o uso de máis de 60 millóns de euros de fondos Next Generation para adquirir máis de 70 novos equipos para o Sergas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREVÉ DECRETAR AO LONGO DESTA ANO UN TOTAL DE 23 NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA, QUE REORGANIZARÁN PRETO DE 20.000 HECTÁREAS DE SUPERFICIE

- O Consello da Xunta acordou hoxe impulsar a través da Consellería do Medio Rural avances e novas actuacións de reestruturación parcelaria en Galicia
- Neste ano remataranse outros seis procesos, que se sumarán aos 22 finalizados dende o ano 2020
- Na actualidade hai un total de 91 parcelarias vivas e en 55 delas, é dicir no 60 %, os veciños xa están utilizando as novas parcelas resultantes
- Outras 5.000 hectáreas están sendo mobilizadas a través da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, entre polígonos agroforestais e aldeas modelo

O Consello da Xunta acordou hoxe impulsar a través da Consellería do Medio Rural avances e novas actuacións de reestruturación parcelaria en Galicia. Así, o Executivo galego prevé decretar un total de 23 novas zonas de concentración ao longo deste ano 2022, que se sumarían ás cinco zonas decretadas o pasado ano 2021.

Así, as 23 novas zonas que se decretarán suporán a reorganización de 19.394 hectáreas de superficie, distribuídas en 99.340 parcelas propiedade de case 14.000 veciños. En canto á súa distribución, 6 destes procesos decretaríanse na provincia da Coruña, 7 na de Lugo, 4 na de Ourense e 6 na provincia de Pontevedra.

Estes novos procesos sumaríanse ás cinco parcelarias decretadas o pasado ano, as primeiras desde a entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaríanse 28 novas reestruturacións parcelarias, que abarcan un total de 23.613 hectáreas e 107.655 parcelas de máis de 15.500 titulares.

En concreto, está planificado o inicio de novas parcelarias, que xa contan co estudo previo de iniciación finalizado, nos concellos de Abadín (zona de Moncelos), Becerreá (zona de Guilfrei), Castroverde (zona de Riomol), Baños de Molgas (zona de Almoite), Petín (zona de Petín, Portela de Portomurisco), Rairiz de Veiga (zona de Rairiz de Veiga), Vilardevós (zona de Soutochao), Caldas de Reis (zona de Bemil), Dozón (zona de San Salvador do Castro), Lalín (3 zonas en Cristimil, en Galegos e en Goiás, Xaxán, A Veiga) e Valga (zona de San Miguel de Valga), así como nos concellos de Boqueixón (zona de Lamas, Loureda, Sergude, Vigo), Melide (zona de Baltar, Golán, Grobas), Padrón-Pontecesures (zona de Herbón), Santa Comba (zona de Freixeiro), Tordoia (zona de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Castenda), Touro (zona de Fao-Novefontes), Cospeito (tres zonas en Arcillá, Bestar, Vilar, Sisoí; en Roás e en Lamas) e O Páramo (zona de Friolfe), en función do estudo previo.

Ademais destes 23 novos procesos que se van decretar ao longo deste ano 2022, a Consellería do Medio Rural está estudando outro cento de solicitudes para novas parcelarias, tendo en conta o peso do sector agropecuario da zona, se as explotacións mostran interese nesa reestruturación do territorio e a viabilidade do propio proceso en termos ambientais, entre outras cuestións a ter en conta.

Tamén cómpre sinalar que a Xunta está traballando arreo para finalizar os 91 procesos de concentración parcelaria que están abertos a día de hoxe na nosa Comunidade. Neste senso, cómpre destacar que en 55 deles, é dicir no 60 %, os veciños xa están usando as novas parcelas resultantes. Para iso, o Goberno galego destina un orzamento de 12 millóns de euros en 2022, cifra que alcanza os 118 millóns de euros desde o ano 2009.

Balance zonas rematadas

Entre o ano 2020 e o que vai de 2022, a Xunta rematou un total de 22 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de case 16.000 hectáreas, beneficiando a máis de 10.100 propietarios que recibiron arredor de 23.300 títulos de propiedade.

Así mesmo, ao longo deste ano a Xunta ten previsto dar por rematados outros seis procesos de reestruturación -3 na provincia da Coruña, 1 na de Lugo, 1 na de Ourense e 1 na de Pontevedra- que abarcan unha superficie de 2.900 hectáreas e que suporán a entrega doutros 7.203 títulos a 3.426 propietarios.

Novos instrumentos de mobilización de terras

A Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia xa advertía da necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural, apostando por mecanismos que permitisen non só darlle máis valor ás terras, senón que tamén aumentasen a base territorial das explotacións e reducisen considerablemente os seus custos de produción.

Con isto, a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia dá resposta a esta necesidade, ampliando o abano de instrumentos destinados á mobilización e recuperación da terra agraria e proporcionando novos procedementos e medidas para loitar contra o abandono das terras e poñer base territorial á disposición daquelas explotacións que a precisen.

Así, a Lei de recuperación inclúe mecanismos de mobilización como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, a iniciativa das aldeas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Neste senso, cabe sinalar que a día de hoxe xa son 15 os polígonos agroforestais iniciados -ou en proceso- e 19 as aldeas modelo declaradas. En total, son máis de 5.000 hectáreas de terreo a recuperar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal